



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio nomeamento funcionaria interina por programas técnica de igualdade de xénero

EXPEDIENTE 2026/E001/000002. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero.

Anuncio nomeamento funcionaria interina por programas.

Por Resolución de Alcaldía núm. 148/2026 de data 30 de abril de 2026 resolveuse:

PRIMEIRO. Nomear a Sabela Losada Cortizas con D.N.I. ***1074** funcionaria interina por programas de carácter temporal como Técnica de Igualdade de Xénero para o desenvolvemento e execución do programa que en todo caso non poderá superar tres anos.

SEGUNDO. Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación: Lobato Rodríguez Belén con D.N.I. ***5619**

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ás persoas interesada, a cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación.

CUARTO. Publicar no BOP e no taboleiro de edictos electrónico do Concello co réxime de recursos que proceda a presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, perante a xurisdición Contencioso-Administrativa segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o alcalde presidente do Concello de Touro no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Touro 4 de maio de 2026.

O Alcalde

Jesús José Reboredo González

2026/2915